



Estimados/as amigos/as:

Arrincamos o curso coa axenda cargada de citas... Para os que vides de reincorporarvos e para os que xa levades tempo pero aínda non vos inscribístedes, lembrámosvos as xornadas que temos programadas para este mes.

11 DE SETEMBRO

CUI: LICITACIÓNS ABERTAS DA FASE SOLUCIÓNS

O luns 11 de setembro celebraremos na sede da Axencia Galega de Innovación unha xornada para **explicar as cinco licitacións abertas dentro da fase Solucións da Civil UAVs Initiative**. Esta xornada ten por **obxectivo** explicar con maior detalle estas cinco contratacións que teñen o **prazo de presentación aberto ata o 27 de setembro** e que suman un importe total de 7.250.000 euros. A través deste procedemento a Xunta de Galicia busca adquirir solucións tecnolóxicas innovadoras para mellorar a prestación de determinados servizos públicos. Aquelas persoas interesadas en participar, podedes consultar programa e inscribivros [aquí](#).

11 DE SETEMBRO

TALLER PRÁCTICO DE PROPOSTAS ÁS BOLSAS DO ERC

O **taller práctico**, enmarcado dentro do **programa Oportunius**, de preparación de propostas ás bolsas do ERC está dirixido a **potenciais candidatos ás convocatorias 2018** destas prestixiosas bolsas do Consello Europeo de Investigación co obxectivo de apoiar a participación galega nestes programas.

Contaremos para esta xornada coa participación do Punto Nacional de Contacto. Podedes consultar o programa e inscribivros na sección [Axenda da web de GAIN](#).

13 DE SETEMBRO

PROGRAMA INNOVAPEME 2017: TALLER FINAL PARA A RESOLUCIÓN DE DUBIDAS

O mércores 13 de setembro, GAIN acolle un último taller para a resolución de dúbidas arredor da convocatoria de [axudas do programa InnovaPeme](#). Esta convocatoria está dirixida á mellora da capacidade de innovación da pemes e microempresas galegas e pecha o prazo de presentación de solicitudes o [25 de setembro](#). Podedes ver o programa, inscribivros e solicitar unha reunión bilateral de asesoramento cos nosos técnicos na seguinte [ligazón](#).

28 DE SETEMBRO

SIMPLIFICACIÓN DAS REGLAS DE H2020

Acollemos a xornada sobre simplificación de regras de participación do programa Horizonte2020 (H2020). Esta xornada, coorganizada co Centro para el Desarrollo Tecnológico Industrial (CDTI), o Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC), o Instituto de Salud Carlos III e a Universitat Politècnica de Valencia, está enmarcada na nova [campanya de comunicación da Comisión Europea sobre os aspectos legais e financeiros de H2020](#). Ao remate da xornada, poderanse manter [reunións cos Puntos Nacionais de Contacto legal e financeiro](#). Están xa abertas as inscricións e o programa está dispoñible a traves da [web de GAIN](#).

Agardamos que esta información sexa do voso interese e despedímonos até o vindeiro xoves!

